

C.C./Sof.

A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte
RESOLUCIÓN

Mediante Resolución Presidencial de 2 de agosto de 2023 (RP2023006130) da que se deu conta en sesión plenaria de 4 de agosto de 2023, foron delegadas as miñas atribucións en centros e áreas de servizo en determinadas/os Deputadas/os.

Ante a redistribución e concreción das funcións entre os distintos servizos e centros xestores, procede concretar as atribucións específicas das delegacións para o mellor desenvolvemento das responsabilidades de goberno.

En consecuencia, e en atención ás atribucións conferidas á Presidencia polos artigos 34.1,a) e d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 61.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Concretar as atribucións nos distintos centros e áreas de servizo nas que se estrutura a Deputación e iso de conformidade coa anteriormente citada Resolución Presidencial:

DEPORTES E CULTURA: *Vicepresidenta Primeira, Marta Fernández – Tapias Núñez*

Promoción cultural, proxectos audiovisuais, programas para a difusión do talento e a creatividade, fomento da cultura, xestión das salas da sede de Vigo da Deputación (Servizo de Cultura).

Promoción e fomento do deporte, instalacións deportivas do Centro Príncipe Felipe, grandes eventos deportivos, fomento do deporte feminino, fomento do deporte de persoas con diversidade funcional (Servizo de Deportes).

ECONOMÍA, IMPULSO AO EMPREGO, MUSEO PROVINCIAL E CONVENTO DE SANTA CLARA:

Vicepresidente Segundo, Rafael Domínguez Artime

Programas de fomento do emprego, programas de desenvolvemento empresarial, Comercio, apoio ás pemes, autónomos e promoción de novas empresas (Servizo de Fomento do Emprego).

Museo provincial, promoción cultural do museo, rehabilitación e posta en valor do Convento de Santa Clara (Servizo do Museo provincial).

Arquivo, fomento do patrimonio documental e bibliográfico, dixitalización de fondos, memoria histórica (Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico).

Promoción do solo e desenvolvemento de polígonos e parques empresariais (Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio).

Viveiros de empresas (Servizo de Cooperación).



COOPERACIÓN LOCAL E EMERXENCIAS: José López Campos

Plans de cooperación cos municipios, Plan Concellos, Plans de emerxencias (Servizo de Cooperación).

Servizo de prevención e extinción de incendios (Servizo de Asistencia Intermunicipal).

TURISMO: Nava Castro Domínguez

Información e promoción turística, dixitalización e intelixencia en destinos, Castelo de Soutomaior, Castelo de Sobroso, Pousadas do Salnés, xacementos arqueolóxicos, Castrodeza, Pazo de Liñares (Servizo de Turismo).

RETO DEMOGRÁFICO, XUVENTUDE E DESENVOLVEMENTO RURAL: Jorge Cubela López

Xuventude, instalacións de tempo libre (Servizo de cohesión social e xuventude).

Finca Mouriscade, desenvolvemento rural (Servizo de Medio Ambiente).

Estación Fitopatolóxica de Areeiro.

ASISTENCIA AOS CONCELLOS, TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN XERAL: Jesús Vázquez Almuíña

Coordinación e asistencia intermunicipal (Servizo de Asistencia Intermunicipal).

Administración xeral, transparencia, protección de datos (Servizos centrais).

Administración xeral dos Recursos Humanos, formación dos empregados públicos (Servizo de Recursos Humanos).

Prevención de riscos laborais.

Asesoría xurídica.

Sistemas, Centro atención ás persoas usuarias (CAU), Administración electrónica, desenvolvemento (Servizo de Novas Tecnoloxías).

FONDOS EUROPEOS, INNOVACIÓN E AXENDA DIXITAL: María Ramallo Vázquez

Coordinación de fondos europeos, Axenda 2030, proxectos de emprendemento nas TIC (Servizo de Cooperación).

Proxectos de innovación, fomento da investigación, desenvolvemento de ferramentas TIC para entidades locais (Servizo de Novas Tecnoloxías).

XESTIÓN TRIBUTARIA, PATRIMONIO E FORMACIÓN: Alejandro Lorenzo Alonso

Intervención, ORAL, Tesourería.

Escola de Enfermería.



MEDIO AMBIENTE E MAR: *Marcos Guisasola Padín*

Protección e mellora do medioambiente, protección e desenvolvemento dos recursos pesqueiros, actuacións en agricultura, gandería e pesca, adaptación ao cambio climático e transición ecolóxica na Deputación de Pontevedra e nos concellos da provincia (Servizo de Medio Ambiente).

Servizo de recollida de residuos, servizo de tratamento de residuos, centro de acollida e protección de animais (CAAN) (Servizo de Asistencia Intermunicipal).

IGUALDADE E BENESTAR SOCIAL: *Sandra Bastos Míguez*

Acción Social, programas de atención ás persoas maiores, programas de dependencia, (Servizo de Cohesión Social e Xuventude).

Centro Príncipe Felipe.

Políticas e actuacións en materia de igualdade, atención integral ás mulleres, promoción da igualdade (Servizo de Igualdade).

INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS, MOBILIDADE E CONTRATACIÓN: *Isabel Couselo Torres*

Infraestruturas e vías provinciais, mobilidade (Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais).

Administración xeral da contratación (Servizo de contratación, facenda e patrimonio).

COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS: *Roberto Álvarez Carrero*

Cooperación transfronteiriza, Programas de cooperación transfronteiriza (Smart Minho, Vive Minho) (Servizo de Cooperación).

ACCIÓN COMUNITARIA E EQUIPAMENTOS PÚBLICOS: *Javier Tourís Romero*

Acción comunitaria.

Equipamentos públicos (Servizo de Arquitectura).

Xestión do patrimonio provincial (Servizo de contratación, facenda e patrimonio).

Cando se produza una reorganización dos Servizos da Deputación provincial estas delegacións poderán ser modificadas.

SEGUNDO.- As delegacións conferidas mediante a citada Resolución Presidencial comprende as seguintes atribucións:

a) En materia de procedemento administrativo xeral:

A incoación, instrución e tramitación e resolución de todos os expedientes nas materias de cada Área, a excepción da resolución daqueles expedientes nos que estea atribuída ao Pleno ou á Xunta de Goberno, incluídos todos os actos de trámite e os procedementos incidentais que se produzan no seo dos mesmos, sen prexuízo das competencias propias



do resto das Áreas, a resolución das reclamacións que se formulen contra actos de trámite ou recursos que se formulen contra actos finalizadores do procedemento ditados polas/os Deputadas/os en virtude da presente delegación, o exercicio da potestade sancionadora de conformidade coa lexislación vixente en materias relacionadas coas súas Áreas.

b) En materia de subvencións:

Corresponde a cada Deputada/o o ditado de todos os actos de trámite dos procedementos das súas respectivas áreas. A resolución dos procedementos corresponderá ao órgano ao que se lle atribúa, de conformidade cos límites cuantitativos establecidos nas bases de execución do orzamento.

No caso de subvencións nominativas, corresponde a cada Deputada/o o ditado de todos os actos de trámite dos procedementos das súas respectivas áreas e a súa concesión, de conformidade cos límites cuantitativos establecidos nas bases de execución dos orzamentos. A formalización dos convenios corresponderá ao Presidente.

Corresponde indistintamente ao Presidente ou á deputada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación a aprobación das contas xustificativas e a tramitación íntegra de todos os procedementos de reintegro e de perda de dereito ao cobro de subvención nos supostos de competencia orixinaria da Presidencia e independentemente do réxime de delegacións establecido para a concesión, así como a incoación e resolución dos expedientes sancionadores en materia de subvencións.

c) En materia de contratación:

Deléganse todas as atribucións en materia de contratación na deputada delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, a excepción das que estean delegadas no Pleno ou na Xunta de Goberno.

Sen prexuízo do anterior, deléganse en cada Deputada/o responsable de cada Área ou centro xestor as seguintes atribucións: iniciar os expedientes de contratación para obras, servizos e subministracións nas súas respectivas áreas e adxudicar os contratos menores, seguindo o procedemento establecido para o efecto.

d) En materia de xestión de persoal:

Deléganse todas as atribucións en materia de persoal -a excepción da xefatura superior do persoal, o despido do persoal laboral e a separación do servizo de funcionarios- no Deputado delegado de Asistencia aos Concellos, Transparencia e Administración Xeral.

Nembargantes o anterior, delégase en cada Deputada/o responsable de cada área ou centro xestor as seguintes atribucións: exercer a dirección do persoal, propor o cadro de vacacións, conformar as solicitudes de asistencia a cursos de formación, propor a tramitación de expedientes de contratación de persoal e nomeamentos, a incoación de expedientes disciplinarios e propor a concesión de complementos de produtividade e gratificacións, dentro dos límites obxectivos que se establezan.

e) En materia de recoñecemento e pagamento de obrigas, recoñecemento de dereitos e



aplicación de ingresos:

Corresponde indistintamente ao Presidente e á deputada de Infraestruturas públicas, mobilidade e contratación as seguintes atribucións:

- Recoñecemento de obrigas e dereitos, ordenación, realización do pagamento e aplicación de ingresos.
- Anulación de obrigas pendentes de pago cando proceda.
- Todos os trámites do procedemento de reintegro de pagos.
- Todos os actos de trámite e todo tipo de escritos relacionados con gastos e pagos.

A autorización e aprobación dos convenios ou contratos específicos en materia de ingresos deléganse na/o deputada/o de cada área.

TERCEIRO.- As resolucións administrativas que se adopten por delegación, indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo órgano delegante.

CUARTO.- Quedan sen efecto as Resolucións Presidenciais que se opoñan ou contradigan a presente, que se considerarán modificadas en consecuencia, a excepción das ditadas para a atribución de facultades ao persoal funcionario con habilitación de carácter nacional.

QUINTO.- A presente Resolución, da que se dará conta ó Pleno na próxima sesión que se celebre, entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web da Deputación.

Asinada dixitalmente na data que figura á marxe

